

FORMIGAS CON ÁS

Primeiro foi no metro, dúas rapazas italianas falaban sen acougo, cortándose o discurso unha á outra coma se tivesen unha ansiedade por adiantar argumentos cando en realidade unha conversa inane sobre diversas banalidades. Unha delas, a máis baixiña (así en diminutivo para acentuar a súa pequenez) tiña no seu vestido negro (a cor para identificar o tipo e rapazas despistadas de estación, onde un debería vestir, se cadra, cores máis alegres) un insecto que lle recorría o escote (precisión pra indicar a onde eu estaba ollando con ousadía de home adulto), que pasaba a fronteira do vestido para percorre a pel torrada polo sol. Con precisión analítica puiden determinar sen moito esforzo e tratando de ollar de esguello (agora que me decataba da nervosidade da rapaza diante da miña ollada inquisitiva e lacerante) que se trataba en efecto dunha formiga con ás. Elas baixaron en Porte de Namur (eu tamén) e por un instante sentín que sentían unha liberación ao camiñar cara á escaleira mecánica e perderme de vista con ledicia pneumática mentres seguían (colixo) falando atrapalladamente das esmas banalidades e (autoreferencia) da miña persecución inquisitiva. Adiantáronse e deixei que partisen situándome na dereita da escada mentres me superaban pola esquerda en xogo semántico de cidade balizada polas normas.

Saín da boca do metro e mudei de beirarrúa por deixar ben claro que non as perseguía, que o meu interese era puramente entomolóxico (difícil de explicar a unhas rapazas italianas e ben mozas que non entenden desas subtilidades). Xa na Chaussée d'Ixelles dirixinme até a oficina de correos (la poste) para constatar con certo arroubo que tiña chegado con atraso e daquela os meus plans des enviar dúas cartas ao outro lado do mar (amigos de tempo que esperan a chegada dun par de libros que prometín hai tempo) quedarían frustradas. Foi daquela cando a miña vista se desviou ao chan (para evitar sen dúbida unha ollada que se pousaba na miña) e puiden ver dúas formigas con ás recen masacradas pola indiferenza das pegadas dos peóns, que axenos aos costumes dos indios hurons do Canadá, non dan explicacións aos animais antes de os machucar vivos aínda contra o asfalto ou as lousas do paseo. Entón sentín un instante xa vivido, anos atrás, se cadra nas mesmas datas, na rue du Taciturne, algo que ficou gravado nos meus diarios o 8 de xullo de 1992, cando rexistrei : « at certain times of the year, many species of ants produce winged males and queens. They fly into the air, where they mate. The male dies soon afterwards, and the fertilize queen establishes a new nest ». Fin da cita, mais non fin da historia, pois agora observo que as datas non son coincidentes máis próximas e o que na altura me pareceu un feito isolado e curioso (as formigas con ás a invadir a rue de Ossegheim, a de Melpomene e xa logo cruzar o Parque das Musas até chegar á praza Mennekens) repítese agora co perigo de que as formigas vaian crear miles de niños na cidade e entón hai que avisar aos servizos de erradicación de pragas como o que hai na Elzas-Lotharingen Straat.

Deixada de lado esta reflexión continúo o meu camiño cara á casa (para descansar da esgotadora xornada de traballo) e atraveso a rúa para ir caer á praza de Saint Boniface onde máis formigas esperan que alguén as pise ou dan voltas en circo coma saídas dunha fita de Moebius con dúas cara infinitas. Recoilo unha revista gratuíta nun posto que hai do lado da rue de la Paix (que moi probabelmente nunca lerei) e sigo o meu percurso até entrar na casa, abrir o agasallo que me fixera unha amiga e comprobar con espanto que se trata do « livre secret des fourmis » que leva o inxenioso subtítulo de « encyclopédie du savoir relatif et absolu », de Bernard Weber. Ollo para o texto da contraportada, que as veces tantas pistas dá sobre o contéudo e outras tan poucas que ata confunde, un texto que comeza así : « Nous vivons dans un monde merveilleux et nous ne la savons pas », que de súpeto, en asociación de ideas, me fai pensar (Escher, Moebius, formigas, ascenso, nogueira, aldea, pasado) nas hedras do tempo que se van enroscando arredor de nós ata xerar movementos cíclicos, espiras de ideas e lembranzas, ansias de ir gañando en lentitude, soños recorrentes e fantásticos, experimento de nenez, cidades soñadas baixo terra , mitoloxías propias ou herdadas e aquelas liñas que escribín un día (sen datar): « O recendo que á rosa distingue e fai rosa / defínese en múltiples mensaxes cifradas / no rizo perverso de pontes na hélice dual.»

Xa no acomodo do sofá retomo a lectura de “A Selva” de Ferreira de Castro, esa epopea de seringueiros e mato opresor, e aparecen de súpeto as formigas podadoras, organismos semoventes de mandíbulas prodixiosas que reordean o chan da foresta. Pouco que dicir, as rapazas italianas non apreciarían a secuencia dos feitos e como agora retorno ao escote, á conversa inane, as galerías octopódicas do metro, ao pracer omnívoro da lectura: “quase tudo quanto o braço humano fecundava o destruíam as formigas”.

Bruxelas, 16 de xullo de 2009